

ALUCEM en Lugo beneficiou a 103 persoas este 2025 a través dos seus programas xestionados por FEGADEM, grazas á 'X Solidaria'

- A **Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM)** desenvolveu dous programas con fondos xestionados pola **Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)**, e grazas ao con financiamento da Xunta de Galicia a través dos **fondos do 0,7% do IRPF**.
- Esta subvención permitiu a ALUCEM desenvolver o seu programa de **atención integral en Esclerose Múltiple (EM)**, para o que contratou a 3 profesionais. Tamén **adecuou os espazos de atención directa** a persoas con EM grazas a esta axuda.

Lugo, 16 de xaneiro de 2026

A **Asociación Lucense de Esclerose Múltiple (ALUCEM)**, membro da Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM), beneficiou este 2025 a **103 persoas** grazas aos seus programas cofinanciados pola Xunta de Galicia a través dos **fondos do 0,7% do IRPF**, procedentes das persoas que marcaron o cadro de 'Actividades de interese xeral consideradas de interese social' na declaración da renda.

ALUCEM, grazas a esta axuda, desenvolveu durante este 2025 o seu **programa de atención integral en EM e outras doenzas afíns**, para cubrir as necesidades de cada persoa en diferentes ámbitos da atención directa a persoas con EM e familias. Deste programa beneficiáronse **40 persoas** de Lugo e arredores, e permitiu a contratación de **3 profesionais**.

A asociación, dentro deste programa, levou a cabo actividades psicosociais como obradoiros de memoria ou terapia psicosocial individualizada, ademais de recepción de novos casos dende o traballo social e terapias fisioterapéuticas e rehabilitadoras.

Ademais, grazas a esta subvención, a asociación **adecuou os espazos de atención directa para persoas con EM**, renovando e mellorando as súas instalacións en beneficio das 103 persoas usuarias da entidade, aclimatando así o local destinado a este fin.

QUE É A ESCLEROSE MÚLTIPLE

A Esclerose Múltiple é unha enfermidade crónica, autoinmune e neurodexenerativa que afecta ao Sistema Nervioso Central. Están diagnosticadas máis de 60.000 persoas en España e a arredor de 4.500 en Galicia. Non ten cura, pero existen tratamentos farmacolóxicos e rehabilitadores que poden axudar a mellorar a calidade de vida. Os síntomas son moi variados, polo que recibe o nome da 'enfermidade das mil caras'.

QUE É ALUCEM

Alucem naceu no 1996 para mellorar a vida das persoas con EM e a das familias. Presta servizos de fisioterapia, psicoloxía social e traballo social, ademais de financiar outros servizos privados ás súas persoas socias na provincia de Lugo. Alucem forma parte das seguintes entidades: FEGADEM (Federación Galega de Asociacións de Esclerose Múltiple), AEDEM (Asociación Española de Esclerosis Múltiple) e COGAMI-COCOME (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade).